

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

DISUASIÓN E EQUILIBRIO NUCLEAR NA PENÍNSULA COREANA

- a) **Introdución**
- b) **O pulso de Kim Jong-Un**
- c) **O papel de China**
- d) **Purga en Pyongyang?**

a) *Introdución*

A recente escalada de tensión política, diplomática e militar na península coreana evidencia unha estratexia de disuasión por parte do réxime de Corea do Norte, da man do seu máximo líder **Kim Jong-Un**, coa intención de premer á ONU e á comunidade internacional a fin de retomar as negociacións sobre o seu programa nuclear ante a renovación de sancións internacionais contra Pyongyang acordadas no Consello de Seguridade da ONU o pasado 7 de marzo.

Esta estratexia norcoreana está igualmente dirixida a conter a realización de exercicios militares conxuntos entre Corea do Sur e EUA, interpretados dende Pyongyang como unha provocación. En clara reacción a estas accións militares conxuntas entre Washington e Seúl, Corea do Norte realizou o pasado 12 de febreiro o seu terceiro en-

saio nuclear desde 2006. Paralelamente, a ampliación de sancións por parte da ONU deveu nun inédito cambio de posición por parte de dous aliados tradicionais norcoreanos, a nova China de **Xi Jinping** e Rusia.

No entanto, a tensión igualmente podería alentar unha especie de reacomodo político interno en Corea do Norte, en especial ante a recente remoción de altos cargos do seu goberno, unha dimensión que pode traducirse nunha maior presenza de figuras políticas afíns ao clan político de Kim Jong-Un. Neste sentido, e coincidindo con esta crise na península coreana, o máximo líder do réxime xa estableceu como prioridades do seu goberno a eventual potenciación dunha serie de reformas na autárquica economía norcoreana así como o avance e alargamento do seu programa nuclear.

b) *O pulso de Kim Jong-Un*


A tensión xerada nos últimos días na península coreana, principalmente a raíz do anuncio do líder norcoreano Kim Jong-Un de declarar o “estado de guerra” contra Corea do Sur, amosa un escenario aparentemente prebélico entre as dúas Coreas, un conflito que irremediabilmente implica a potencias con intereses estratéxicos e potencialidade nuclear como son os casos de EUA, China e Rusia, así como doutros actores implicados como Xapón (país que ansía retomar a súa carreira militar) e a propia ONU.

Nos últimos días, os movementos de tropas na liña fronteiriza coreana que transita polo Paralelo 38, así como o establecemento dunha especie de “cordón sanitario” de carácter naval nas disputadas zonas marítimas, colocaron en estado de máxima alerta tanto ás dúas Coreas como a EUA (con bases militares e navais en Corea do Sur e no sueste asiático), China, Rusia e Xapón.

A crise coreana sinálase así como un escenario de alta prioridade para a seguridade internacional principalmente por dúas razóns. A primeira, pola existencia dun estado técnico de guerra entre ambas Coreas, tendo en conta que tralo final da guerra de Corea en 1953, ambos países asinaron un armisticio militar en vez dun tratado formal de paz, auspiciado pola ONU, EUA e a URSS.

Este status tecnicamente bélico corre o risco de reactivarse ante calquera crise de carácter diplomático, político ou militar, tal e como se observou con anterioridade en situacións similares en 1994, 2006 e 2009, principalmente a raíz do pasamento do fundador da República Popular Democrática de Corea, **Kim Il-Sung**, así como dos respectivos ensaios nucleares realizados por Pyongyang. Non obstante, o factor de risco mais visible ten que ver co avance da presenza militar estadounidense na zona, con especial empeño no reforzamento das súas prioridades xeopolíticas estratéxicas (principalmente apoio militar a Corea do Sur e Xapón) a fin de conter o ascenso de potencias emerxentes (China).

A segunda razón céntrase no eido nuclear. Corea do Norte asinou o Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP) de 1968 para, posteriormente, converterse no único país en retirarse do mesmo en 2003, avanzando no seu programa. Dende entón, Pyongyang vese abertamente desautorizado pola ONU e, principalmente, por EUA nun pulso polo equilibrio nuclear na península coreana, considerada a rexión do planeta con maior concentración militar e de capacidade nuclear. Rusia e China apostan pola desnuclearización total da península.



Principais bases militares de EUA en Corea do Sur e Xapón e principais instalacións militares de Corea do Norte.
 Fonte: <http://www.ikimap.com/map/crisis-nuclear-peninsula-coreana>.

Neste sentido, o poderío nuclear norcoreano céntrase nos seus mísiles de longo alcance Musudang (3.000 quilómetros), Taepodong 1 e 2 (case 7.000 quilómetros), Rodong (1.000 quilómetros) e Hwasong 5 e 6 (máximo 500 quilómetros). Ademais, Corea do Norte ten 1,6 millóns de soldados en activo e case 7,7 millóns en reserva. Pola súa banda, Washington mantén 15 bases militares en Corea do Sur, así como importantes continxentes en Xapón, Singapur, Filipinas e Malaisia.

Un terceiro factor de peso na crise cabería referilo á asunción en decembro de 2011 de Kim Jong-Un (dise que de 29 anos de idade), neto do fundador do réxime, como novo líder máximo de Corea do Norte. En clave política interna, a actual crise na península coreana pode igualmente reflectir un pulso do propio Kim Jong-Un coa finalidade de fortalecer o seu liderado e demostrar a súa capacidade para dirixir un Estado clave para a seguridade internacional como Corea do Norte.

c) O papel de China

Neste contexto aparentemente prebélico, o factor de equilibrio que podería evitar unha maior escalada da crise apunta claramente cara China. Pequín, cun goberno recen estreado que situou á fronte do ministerio de asuntos exteriores a **Wang Yi**, experto en Xapón e participante nas conversas pasadas con Corea do Norte a propósito do programa nuclear, apoiou xunto a Rusia a ampliación das sancións internacionais no Consello de Seguridade da ONU o pasado 7 de marzo, unha decisión inédita e sorprendente que eventualmente re-

Por riba de decisións arriscadas e de carácter temerario, Kim Jong-Un e o réxime norcoreano trazan un cálculo estratéxico orientado a disuadir á veciña Corea do Sur, a EUA e á ONU, coa finalidade non só de retomar as negociacións para obter plena seguridade senón advertindo da transcendencia internacional que ten Pyongyang e o seu programa nuclear, en especial ante a reactivación das tensións xeradas por outras crises de carácter similar, como é o caso do programa nuclear iraniano.

A declaración oficial por parte de Kim Jong-Un de descoñecer a vixencia do armisticio de 1953, preparando á súa poboación para un conflito aparentemente “inminente” con Corea do Sur e EUA e as reaccións de Seúl ameazando cunha intervención directa en caso de perigo para os seus cidadáns, sinalan os perigos claros de paso da retórica á acción. Washington porfía no reforzo dos dispositivos militares presentes na zona.

forzaría o illamento de Pyongyang.

O peso de China na crise é evidente tendo en conta que Pequín é o seu principal aliado e socio económico ao proverlle de alimentos e petróleo necesarios para aliviar unha economía autárquica e de subsistencia. A presión política que supón para Pyongyang este inédito e aparente aliñamento chinés coas teses occidentais e as demandas da ONU deixa a Kim Jong-Un e ao réxime norcoreano nunha complexa situación, polo que a disuasión nuclear e as advertencias prebélicas contra

Corea do Sur e EUA cobran maior importancia como factores de peso para reforzar a súa posición.

A decisión chinesa de apoiar as sancións pode interpretarse como unha estratexia política orientada a propiciar un maior entendemento con Occidente, e particularmente con Washington, á vista dos efectos da crise económica mundial e do cada vez maior ascenso global de Pequín, en especial en diversos foros multilaterais (BRICS, IBSA, Organización de Cooperación de Xangái, etcétera). Precisamente, mentres a crise coreana subía o ton das declaracións, o presidente chinés Xi Jinping visitaba Moscova coa finalidade de concretar posicións conxuntas no marco dos BRICS, especialmente á hora de crear un novo Banco de Desenvolvemento e alternativas de carácter monetario que sirvan para aplacar a hexemonía económica e financeira do dólar a través do FMI e doutras institucións internacionais.

Non obstante, tras apoiar as novas sancións na ONU, China apurábase a sinalar que estas non ían ser o camiño para resolver o problema. O compromiso práctico coa súa implementación está por ver. Pequín trata de evitar unha polarización que relexitime a aposta por unha cada vez maior presenza militar estadouni-

d) Purga en Pyongyang?

As tensións con EUA e Corea do Sur están a favorecer internamente un proceso de galvanización pública e de concentración de poder arredor do liderado de Kim Jong-Un.

O pasado martes 2 de abril, a Asemblea Popular Suprema aprobou o nomeamento de **Pak Pong-Ju** (74 anos) como novo primeiro ministro, cargo que xa ocupara con anterioridade no período 2003-2007. Economista de formación, fora desautorizado polas súas ambicións reformistas que incluían medidas en liña coas suxestións feitas dende China. Este sorprendente re-

dense no sueste asiático e Asia Oriental, no marco do plan “Pivot to Asia” impulsado pola administración de **Barack Obama** e a proposta de integración establecida arredor do TPP (*Trans-Pacific Partnership*).

Segundo palabras do Secretario estadounidense de Defensa, **Leon Panetta**, Washington trasladará cara o Pacífico ata o 60% das súas forzas navais antes de 2020. Esta estratexia constitúe un factor que claramente inflúe na intensificación das tensións militares na península coreana. Pyongyang (e indirectamente China) interpreta a mesma como unha provocación que reafirma a necesidade de reforzar o seu programa nuclear e as súas prioridades militares.

Paralelamente, este reforzamento nuclear norcoreano beneficia e incluso xustifica ante Washington a idoneidade da posta en marcha destes plans estratéxicos e militares na rexión. Neste sentido, EUA podería estimar que, a medio prazo, resulta máis factible para os seus plans o mantemento dun equilibrio nuclear co réxime norcoreano que a disolución do mesmo, escenario que modificaría substancialmente as prioridades xeopolíticas estadounidenses na rexión, incluso sen descartar os efectos dunha crise económica e humanitaria en Corea do Norte.

greso ao goberno norcoreano aparentemente confirma as prioridades de reforma que Kim Jong-Un precisaría incorporar para aliviar as dificultades económicas norcoreanas.

Este retorno de Pong-ju levou á destitución do anterior primeiro ministro **Choe Yong-rim**, así como de varios ministros que ocupaban carteiras en postos clave da economía, do sector enerxético e da seguridade. A Asemblea Popular Suprema anunciou tamén o nomeamento de **Choi Bu-il** como novo ministro de Seguridade, igualmente considerado afín a Kim Jong-Un.

IGADI. 3 de abril de 2013